

BANDO

**D. JOSE LUIS GOMEZ FONTENLA, ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MORAÑA.**

FAI SABER:

Que a Consellería de Política Social convoca a concesión de prazas para participar no **"PROGRAMA BENESTAR EN BALNEARIOS 2023"**

O desenvolvemento do Programa consiste en estadias de 10 días en réxime de pensión completa nos períodos comprendidos entre o 22 de Outubro e o 31 de Decembro do ano 2023

→ REQUISITOS:

- Ser maior de 60 anos, ou de 55 e reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- Estar empadroado e residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e atoparse en condicións de participar no programa.
- Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisíbel con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- Acadar, de conformidade co baremo, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

→ PRAZO DE SOLICITUDES: Ata o 18 de outubro de 2023 (inclusive)

Preferiblemente por **vía electrónica** a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, a través do formulario normalizado, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS607A>) para o que é preciso o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia

Opcionalmente, poderá presentarse as solicitudes **presenciais** no Rexistro xeral da Xunta de Galicia (ou dende o Concello).

Para mais información poden dirixirse ó Servizo Social Comunitario do Concello.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442

